Asociación Cultural Amigos Vía Plata - Ourense

CAMIÑO MOZÁRABE

O Camiño Mozárabe

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 18

DICIEMBRE 2016

Soutelo Verde no Camiño Mozárabe (Laza, Ourense)

BOLETÍN DE LA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DE LA VÍA DE LA PLATA – CAMIÑO MOZÁRABE

Consejo editorial

Junta directiva de la Asociación de Amigos de la Vía de la Plata – Camiño Mozárabe

Año 8. Número 18

Publicación semestral

Coordinador

José Antonio Quintas Vázquez

Aux coordinación

Aser Óscar Sánchez Ruido

José Emilio Rodríguez González

José Luis Rodríguez Cid

José María Lamelo Sánchez

Manuel Fernández Debén

Fotografía

Archivo CEO y Vía Plata – Camiño Mozárabe

Aportaciones de colaboradores

Maquetación

Jaime Armesto Conde

Edición y redacción

Bárbara Canedo Gutiérrez

Edita

Asociación de Amigos Vía Plata – Camiño Mozárabe

Praza das Damas, 1. 32005 Ourense

Tfno. 988 39 11 10 – Fax. 988 39 19 57

Página web: www.viaprataourense.ceo.es

Correo electrónico: viaprataourense@ceo.es

Depósito legal

OU 116-2007

SUMARIO

• Conservando a memoria

Eligio Rivas

Pág. 3

• El hambre del peregrino

Luis de Osera

Pág. 8

• ¿Una reliquia del Apóstol Santiago en Inglaterra?

Manuel F. Rodríguez

Pág. 10

• O pórtico dos sons de Carboeiro

Alfredo Abeledo Penas

Pág. 13

• Fidelidad y generosidad en la cultura barroca: la donación de la duquesa de Aveiro a la catedral de Santiago en el año santo 1677

Francisco Singul

Pág. 17

• La capilla de Santiago del Furriolo

Miguel Ángel González García

Pág. 22

• Camino portugués, el camino de los trovadores

José Antonio de la Riera

Pág. 24

• El Camino Mozárabe. Vía de la Plata celebra su XXV aniversario con la Semana Cultural

José Antonio Quintas Vázquez

Pág. 26

Ficha de inscripción en la Asociación

D. Dña. ..... con D.N.I. nº .....

Calle ..... Nº ..... Piso .....

Localidad ..... Provincia .....

CP ..... Teléfono ..... Correo electrónico .....

Desea pertenecer a la Asociación de Amigos de la Via de la Plata - Camiño Mozárabe de Ourense, mediante el abono de una cuota de 30 € anuales a través de domiciliación en banco o caja .....

Oficina de ..... Nº de cuenta .....

Ourense, a ___de_____de 20__ Firma del interesado

La Asociación de Amigos de la Vía Plata – Camiño Mozárabe no se responsabiliza de las opiniones vertidas en los artículos enviados por los colaboradores

Conservando a memoria

A memoria e a vontade son fráxiles, e a realidade corre o risco de esquecerse. Tal pasa co realizado na Serra de San Mamede, coa Aula de Natureza na súa subida, coa restauración do Camiño Mozárabe. Coa promotora, a Asociación Amigos dos Milagres e San Mamede, e a teima do 'home da Serra', Manuel Fernández Salgado 'O Vilas', que aí é nada, foi capaz de organizar, xa en 1986 a 1ª Escalada a San Mamede, unha das máis difíciles de España, chegando á 19ª edición o 6 de xaneiro de 2004. O que mantiña transitábel a larga pista de subida buscando os medios, sempre coa faterna de propicia-lo goce do puro aire da Serra á xente, maiormente á xente nova. **Coidando aquel espazo de lecer, aquel refuxio, a fonte**... rubindo semanas seguidas ó alto, manténdoo limpo. Na Aula de Natureza a 1000 metros de altura, algunha vez permaneceu días solo por coidala.

Cantas viaxes co coche por mor da Ermida de San Mamede; cantos antes de ollar en pé a Aula de medio ambiente, e canta paciencia e termar coa incomprensión. Nos inicios da restauración do Camiño Mozárabe, grazas a el puiden redescubrir as perdidas sendas dende Lubián á Canda; do lugar da Canda ó Alto da Canda, do Pereiro saíndo polo monte cara o Canizo... pola Venda da Teresa, Portocamba a Laza, rubindo de Tamicelas con toxos e uces grosos coma un brazo ... Il co coche, para aquí, para alí, para lle preguntar á xente o andaba buscando o camiño ... E logo marcalo, pintar as frechas; o primeiro día foi dende Cantoña deica o centro da Gudiña.

E queixábase a miúdo de non haber podido ir máis á escola... **Manuel Fernández Salgado, 'O Vilas', entregou a vida ó Señor o 6 de xullo de 2007**, e a Serra ficou sen camiño e sen atender, e o San Mamede solo na súa ermida.

I – A ermida de San Mamede

Xa no ano 1984 rubimos ó alto de San Mamede cun construtor, pensando en como poder levantar aquela morea informe de pedras no curuto da Serra. Fora erguida no século X por encargo de San Rosendo; sabémolo por documentos de Celanova, sendo ben indicativo que a serra, chamada deica entón *Montem Toro*, axiña, con algunha cita de *San Mamede de Monte Toro*, acaba sendo *Serra de San Mamede* sen que ninguén sospeite do vello orónimo. (Cf. San Rosendo e a Serra de San Mamede, Santiago, 2015).

No século XII, axiña que chegan os frades do Cistel a Montederramo, botan mau da ermida, que así foi, case por 700 anos, como se mantivo en pé, reparándoa cada pouco. Pero chegou a fatídica exclaustración (ano 1825) coa expulsión da Comunidade, e a pouco comezou a desfeita. Primeiro o tellado, logo as paredes pedra a pedra, naquela cima exposta a tódolos ventos. A barroca imaxe pétrea do Santo levárona pra San Cosme de Montederramo, e perante máis de cento cincuenta anos, aquel fito senlleiro de piedade, de cohesión e fraternidade de cen pobos á redonda, ficou desamparado. **Aquela devoción foise apagando ó longo do século XIX**, e ó dobrar o XX tamén se apaga o fervor de vida explotando a Serra. Perpetua soidade. Cando tratamos de volvela erguer das súas ruínas, alí non ficaba en pé máis ca unha fileira de perpiaños enterrada nos alicerces cunha morea informe enriba.

Seis anos levabamos cavilando no modo e maneira de erguer aquelas pedras, e que de novo a ermida de San Mamede volvese ser santo e seña dos pobos da contorna estesa, cando polo bos oficios de Manuel Fernández Salgado, o día 30 de agosto de 1989, levamos a D.Manuel Fraga ó alto da Serra. De pedestal aquela morea de pedras, expuxemos o que elas significaban, o que elas por séculos pra milleiros de devanceiros supuxeran, agora dobremente desamparados e que cumpría revitalizar erguendo o faro alumeador que fora. Testemuño que vin algunha bágoa, e de proviso tivémo-la promesa da axuda necesaria.

En xaneiro do ano 1991 creamos a *Asociación de Amigos dos Milagres e San Mamede*, recreativo-cultural, con representante na directiva de cada un dos sete Concellos arredor da Serra, e Manuel Fernández Salgado de tesoureiro. O primeiro fin nos Estatutos: erguer a ermida de San Mamede, restituíndo a súa romaría e promovendo o seu antigo culto na contorna. Despois manter o medio ambiente natural e ilustrar os pobos descubrindo os seus valores, os da terra nai lembrando con gratitude ós devanceiros. (Rexistro Goberno Civil, Ourense, nº932, 4-II-1991; Rexistro na Consellería de Cultura e Xuventude, 10-IV-1991).

A pouco xa rubían as paredes e logo a pétrea imaxe do santo rubía en cantareiro carro de vacas da Teixeira a ocupar o seu anovado trono o día da inauguración e bendición polo bispo Mons. José Diéguez Reboredo (8-VIII-1992). Non faltaron entrequedencias na súa reconstrución coma a posta polo dono do monte pola parte de Montederramo -a ermida está xusto en terreo de Rebordechau- e algún pilengre vaqueiro que ó baixar os obreiros tiraba unha fileira de cantería cada tardiña... Rubimos unha noite e alí os pillamos agachados, agardando a que baixasen á media noite. Hermanos Carrajo de Verín ergueu pronto e ben a capela, e a campá dalgunha estación de tren, doada, ó unísono co ledo rebrincar das gaitas, deron a gloriosa boa nova ós catro ventos.

Seguiu habendo cada ano a escalada, cadrando agora co día da festa; misa solenia e xogos populares, toldo de pulpeiras e merendas, cheo de xente o altiplano ó gozo dos raios ultravioleta dun sol escentellante. Raro era o día que non se vían visitantes nos merendeiros da área de recreo e no incomparábel mirador á beira da ermida oteando lonxanos horizontes, ou naquel amplo solario de aire puro recobrando xuventude e saúde. O vrau de 2007 foi o derradeiro; morreu por quen a subida era transitábel, e agora se acaso algún moi arriscado.





II – Aula de natureza na serra

O mundo apodrecía de fumo e discoteca, e o inmenso pulmón de oxíxeno da Serra desdeñado. Unha vez erguida a ermida, comezamos a acariña-la idea de instalar na Serra un centro medioambiental. Un lugar illado no medio da Natureza, en que mormente a xuventude aprendese a valorala, collerlle apego. **Cantas veces o lembramos con "Vilas", aquel ochentón cheo de afán e ideas de progreso**. Incluso lle dediquei a comezos dos anos 1990, subvencionado pola Dirección de Medio Ambiente Natural, Gandeiría e Montes, un libriño ben ilustrado, pondo de relevo os múltiples valores que nos ofrece a Serra.

De camiño na subida a mil metros de altura tiñamos o sitio ideal; unha recóndita corga ó pé dos altos de Cherintín, o chamado O Coudillo, centro de montaña e reserva de cervos agora en vías de extinción. **Son as antigas *Corcerizas*, nome ben significativo, o máis frecuentado polos corzos**, devesa co seu casal propiedade dun paisano apelidado Conde, quizás orixinario de Maus, a quen a xente alcumaba de "Condiño", que o pobo acaba convertendo en Coudillo e os máis 'entendidos' en Caudillo. Propiedade e casal hipotecados antes de 1950, redimida polo Concello de Vilar de Barrio a cuxa propiedade pasou niste ano para ser explotada en consorcio co Patrimonio Forestal, albergando o casal a dous gardas forestais coa súa familia; alí nace por entón un neno que hoxe andará polos 70.

Na dieza de 1990 a Casa fica a ermo e os cervos comezan a levalos cara o Invernadoiro; a oportunidade pintaba en calva, e por ela fomos. O ano 1996 volveu D. Manuel Fraga á Serra e de contado lle amosamos un anteproxecto do que pretendiamos, no que prometeu axudar. No mes de marzo diste ano veu ver O Coudillo D. Manuel Díaz López, Subdirector Xeral de Xuventude, seguido a pouco da Delegada Provincial de Medio Ambiente. A ámbolos dous lles pareceu sitio ideal para Aula de Natureza. O 4 de novembro (1996) fun expoñer o plan na Consellería de Familia, Muller e Xuventude, que acolleron o plan con todo interese. Entrevistamos a quen máis tiña que ver co Coudillo, o Conselleiro de Agricultura, Gandeiría e Montes, D. Tomás Pérez Vidal, que tomou o proxecto coma algo seu, previndonos que había que agardar pola ocasión.

De proviso chegou a convocatoria do Plan PRODER da UE (setembro de 1996), que de contado solicitamos, **asociados os Concellos de Vilar de Barrio e Xunqueira de Ambía**, aprobado primeiro pola Xunta de Galicia, despois pola UE. Presentamos entón o proxecto básico dunha Aula de Natureza na Serra de San Mamede (Exped.32003), iniciativa da *Asociación de Amigos dos Milagres e San Mamede*, para o coñecemento, respecto e conservación do Medio Ambiente Natural, mediante a instalación ó aire libre dun centro xuvenil (Decreto 33/1997) na Reserva Forestal do Caudillo (Normas Complementarias y Subsidiarias de 1985).

Conséguese a subvención da iniciativa, aprobada á baixa pola Asociación pro Proder: Casa do Caudillo 25.000.000, Camping 38.000.000 (63.000.000 pts.).

A instalación (Medida 3) vai constar: 1) da casa-refuxio, adaptada coma albergue. 2) Dous edificios de nova planta cercanos, un para comedor-salón de reunión e servizos, outro de aulas. 3) Zona de acampada eventual (que non chega a realizarse). Todo integrado no entorno natural. O importe:

Rehabilitación da Casa-Refuxio: 25.806.914 pts.

Aulas-Camping: 38.000.000 pts.

Total: 63.806.000 pts.

(Arquitecta Ana Recuna Carrasco, 30-XII-1998)

Aprobado: Colexio Oficial de Arquitectos, Ourense, 14 de xaneiro de 1999

Conseguida a subvención, realízanse os trámites pertinentes:

1) Averiguación de pertenza da casa e enclave: Propiedade do Concello de Vilar de Barrio (Rexistro de Allariz, Tomo 260, Libro 28, Finca 3966).

2) Solicitude de cesión por parte do Concello de Barrio, por termo de 25 anos (30-X-1998), a prol da *Asociación de Amigos dos Milagres e San Mamede*, do espazo e Casa do Caudillo, identificado coma "caserío" no Nomenclátor Nacional de Estatística do ano 1950, p.138.

3) Autorizada a cesión por unanimidade do Concello de Vilar de Barrio, por 25 anos (29-IX-1999). Deica o 29-IX-2024.

4) Desestimación polo Concello de Vilar de Barrio da reclamación en contra da concesión, interposta por Antonio Iglesias Fraga, Presidente da Comunidade de Montes de Arnuide.

5) Protocolización da cesión en escritura asinada perante Notario de Xinzo de Limia (17-III-2000), inscrita no Rexistro da Propiedade de Allariz (6-VI-2001).

Xa con tódolos requisitos esixidos pola Administración en regra, así coma do proxecto, quíxose impedir a súa realización (Reunión do 2-VII-2001 en Vilar de Barrio), opóndose frontalmente o dito Presidente da Asociación de Montes de Arnuide, Antonio Iglesias Fraga (no que non faltou o insulto persoal tildándome de ladrón) e seu secretario Jesús Sáa Santás, acompañados de Alfonso Meije (seu asesor técnico; da Cooperativa Viveiros Braña, e subvencionado pola Xunta para o ordenamento dos montes de Arnuide) e de Alfonso Grande Pérez como asesor legal.

O día 4-VII-2001 houbo outra reunión en Vilar de Barrio, na que o representante legal da Comunidade de Montes, Alfonso Grande Pérez, fixo unhas propostas de conciliación que supuñan unha clara chantaxe e incitación á prevaricación, na que se quería involucrar ó Concello de Vilar de Barrio, que lle foron rexeitadas.

O día 4-VII-2001 houbo outra reunión en Vilar de Barrio, na que o representante legal da Comunidade de Montes, Alfonso Grande Pérez, fixo unhas propostas de conciliación que supuñan unha clara chantaxe e incitación á prevaricación, na que se quería involucrar ó Concello de Vilar de Barrio, que lle foron rexeitadas.

Ante a situación creada e outros imprevistos, eu, o promotor coma Presidente de Amigos dos Milagres e San Mamede, estaba decidido a abandona-lo proxecto. Se seguín adiante foi pola insistencia de Manuel Fernández ("Vilas").

Por erro do primeiro xerente, D. Santiago Castelao, puxo coma *honorarios técnicos* o que era *beneficio industrial*: 4.168.966 pts, saltándose *Elaboración de Proyecto*: 1.381.156 pts, *Dirección de Arquitecto* (Demetrio Losada Vázquez) 491.924 pts e *Dirección de Arquitecto Técnico* (Gregorio Martínez Montero). En total 2.565.004 pts, que tivemos que aportar "Vilas" e máis eu.

Outro atranco foi o non poder conseguir, nin da Caixanova (Vilar de Barrio), nin do Banco Pastor (Xinzo) o crédito necesario pra despegar, xa que había que pagar por adiantado cada prazo. Grazas que un particular nolo foi adiantando sen interese algún.

Xa en marcha o proxecto xirou visita ó lugar a Directora de Xuventude, Dª Mª José Bravo Bosch. **Tanto lle gustou a iniciativa que insistiu en que había que reforma-lo proxecto e realizalo en bioconstrución**. Do sobrecoste encargábase a Consellería de Familia e Xuventude de abonalo; veu tamén a Conselleira, Dª Manuela López Besteiro, con Juan Caamaño Director do Inega que se comprometeu a instalar as enerxías limpas, renovables, para ensino e prácticas da Aula, e confirmou o dito pola Directora. Así se fixo, dirixido o plan polo técnico D. Juan Avia vindo de Vigo, indicándonos a mesma Mª José que o mellor pra leva-la Aula de Natureza era o colectivo *Amigos da Terra*, en Galicia dende 1997 por obra e dilixencia de Xulio López conveciño seu de Ourense, como así fixemos.

Pero o proxecto, xa avaliado á baixa polo Presidente e Vicepresidente da Asociación (alcalde de Xunqueira de Ambía, José Luis Gavilanes, e Julio Pérez de Vilar de Barrio), subiu de sobrecoste un tercio. E antes de rematarse a obra, Conselleira e Directora foron trasladadas de destino. ¡E agora como lle pagamos ó construtor a diferenza... ! ¡Cantas noites sen durmir...!

Grazas que tamén tivémo-la visita de José Luis Baltar, Presidente da Deputación, que entusiasmado tamén con esta iniciativa e realidade da Aula de Natureza, prometeu axudarnos, e fiel á súa promesa, algún tempo despois de rematada a obra, redimiu a nosa débeda e imposible compromiso.

Cómpre deixarmos constancia da parte esencial que tivo a Xunta de Galicia en levar a ramo o certamente modélico proxecto, que sería tanta coma a dos fondos da UE. Así o tanto por cento a pagar polo promotor, a excelente batería de cociña do antigo Colexio Calvo Sotelo de Ourense, as enerxías renovables (eólica, fotovoltaica, hidráulica e de biomasa) esenciais pra imparti-la educación ambiental, co seu centro de distribución con 40 grandes baterías... Poñer en marcha a minicentral, inservible dende máis de vinte anos e que so o arranxo da turbina custou 2.000.000 pts. O aeroxenerador no alto da Peneda da Lebre con transmisión subterránea de dous quilómetros, e de tan intrincada instalación; as placas solares, que co anterior e a turbina manteñen lámpadas, cociña e electrodomésticos; a planta de biomasa que mantén unha excelente calefacción en todo o complexo. E todo o equipamento do albergue, incluso preparado pra acomodar a minusválidos...

A comezos do mes de xullo de 2002 inaugúrase a Aula de Natureza, con razón recobrada a primitiva denominación de *As Corcerizas*. Pero teño que advertir que días antes, aínda os tais das polainas ameazaron con arrinca-las cerraduras e apoderarse do local. O representante da xustiza obrigounos a recoller velas, pero cinco anos despois, morto o "Vilas" con 86 anos, o benemérito D. Manuel Fernández Salgado, o día 6 de xullo de 2007, dous días despois, o día 8, recibín en Ourense carta do dito individuo dándome o ultimatum con ameazas pra que lle fixese entrega das Corcerizas. O apercibimento dos tribunais de xustiza fíxoo calar de vez.

A **Aula de Natureza das Corcerizas, xestionada por *Amigos da Terra***, referente no deseño de instalación e equipamento de Educación Ambiental, seleccionada entre 254 albergues análogos de España, en competición con proxectos de 15 países gañou en setembro de 2013 o Premio Internacional "Proxecto de Soberanía Enerxética" de Hostelling International. Está claro a quen e a cantos se debe tal preeminencia e distinción.

Ourense, outubro 2016

Eligio Rivas Quintas, C.M

El hambre del peregrino

El fenómeno del peregrinaje ha tomado cuerpo de vocación, debido al hambre espiritual de un *statu quo*, en el que está inmerso el ser humano en nuestros días.

Privado de la conciencia moral por los modelos y resortes políticos que dominan el campo del comportamiento ciudadano, ha dejado al hombre y a la mujer de nuestros días y nuestra sociedad inane, **hambrienta del recurso antropológico que equilibra su doble dimensión de animal racional: lo religioso**.

Pero esta situación, como es ficticia, no es estructural, le ha lanzado a buscar cauces de encuentro con lo sagrado, con el misterio, en diversos campos, unos más acertados que otros unos más conectantes que otros con esa realidad de lo sagrado. Así vemos a la gente sumergirse en técnicas de yoga, taichí, etc, tratando de encontrar esa chispa de misterio que le entronque de nuevo con la realidad esencial, que se hace el fundamento de su identidad y desarrollo transcendental.

Y uno de estos modos de encontrarse con lo eterno, lo esencial lo transcendental ha sido el **ancestral método católico del camino de Santiago**, método penitencial en la antigüedad y hoy recurso terapéutico universal.

El Camino es ese fenómeno que ha saciado el hambre de transcendental y de Dios que aqueja al ser humano hoy. Y es que le da la saciedad en todas las variantes estructurales de su ser. El Camino, convertido en un “genérico salvífico”, ha saciado el hambre de transcendencia que angustiaba al ser humano, en todos los estratos sociales. Porque en todos ellos han sido extirpadas programáticamente las conexiones transcendentales, que le dan sentido a su ser absoluto.

Una de estas hambres pues, el hambre como fenómeno, tiene diferentes variantes de carácter estructural e identificativo, es el hambre de sentir una maternidad que no es la natural, es hambre de un amor ultra natural, ese que, a lo largo de los milenios ha saciado el ser humano con deidades femeninas, que le acogían cuando la madre natural ya no estaba. Este era un modo de saciarla que se solucionaba desde lo mítico, **la intuición esencial de que un amor materno eterno, nos cubre como lo hace el cielo**. Estas aproximaciones míticas, no dejaban de ser instrumentos, pero, excrecencias aproximativas al misterio.

Las más antiguas culturas y civilizaciones, han dejado exponentes de la presencia de deidades femeninas. Las lactofaguitas como la Isis egipcia, que proponían al creyente la realidad de que hay un hambre que no se sacia con pan ni con leche materna. Es el hambre de la conciencia de la Divinidad protectora, nutricia, saciante cuando el síndrome del abandono en un mundo feroz, agresivo, depredador, nos pone al borde del abismo. Todos en esos momentos de turbidez, angustia, turbación, sentimos la necesidad de cerrar los ojos y dejar escapar la angustia en un ¡Madre mía! que pide sentir unos brazos en los que cobijarse.

Y **esta situación es la que envuelve al peregrino tantas y tantas veces**, durante su periplo. Momentos en que, el miedo, la desorientación, la angustia de verse perdido en tierra ajena, extraña, solitaria, cuando no se sabe dónde se está, es cuando el peregrino cierra los ojos esbozando una angustiada llamada: ¡Madre mía!...

Esta expresión, no siempre hace referencia a la madre que espera su vuelta en el hogar o que sabe que le está mirando desde la otra esfera. Es ese ¡Madre mía! que los cristianos, especialmente los católicos, tenemos el privilegio de poder emitir en pleno desconsuelo o lleno de gozo, en pena felicidad.

Esa madre, ha sido llamada Isis, Artemisa, Astarté, etc. Era la misma! era **esa Madre que intuimos siempre todos que está ahí al otro lado de la dicha o la desgracia**, pero, siempre junto a nosotros.

Nosotros la llamamos Madre de Dios, Madre de Jesús, Madre universal, esa madre que sabemos nos acogió y adoptó como hijos en el momento más transcendental y dramático de su vida: cuando su hijo pendía de una cruz, en un sacrificio voluntariamente aceptado por aquellos que había llamado “sus hermanos”.

Esta madre, que el peregrino encuentra en cualquiera de sus caminos, de muchas maneras representadas, tiene en el Monasterio de Osera, **una de sus más representativas imágenes, la célebre *Virgen de la leche***, que plasma de forma excepcionalmente valiosa, dentro de su arcaísmo, ese amor que, unas veces gimiendo, otras sonriendo, emite el peregrino.

La *Virgen de la leche* del Monasterio de Osera, aunque distante de la óptica del peregrino, por su emplazamiento en el presbiterio, vista en directo, presenta justamente eso que el peregrino, hambriento de Dios, sea cual sea la forma en que se le aproxima, desea encontrarse: la ternura materna, la acogedora delicadeza del amor maternal, la condescendencia con el arrepentimiento de cosas que quedan atrás del camino, la orientación de todo eso hacia lo infinito, plasmado en su mirada que no se vierte sobre el Hijo que reposa en su seno mientras succiona ávidamente la leche vital, **el alimento que mantiene la vida presente y capacita para esperar la vida futura**.

La Virgen de la leche convierte a este monasterio en unos brazos acogedores al ponerse ante Ella, en un regazo de descanso blando y cálido, en ese religioso refectorio, término que proviene de “refícere” rehacer, que da al peregrino la posibilidad de rehacer fuerzas e unas horas de descanso, oración y contemplación, alimento del alma que sacia la sed que lanzó al peregrino a la carretera, al riesgo imprevisto, a la aventura que, a veces, le obligará a emitir ese gemido: ¡Madre mía!

En Osera, Ella espera al peregrino. Quizá su mirada lanzada al infinito, a lo eterno, sea porque está atisbando por todos los caminos, **esperando a sus hijos, como la madre atisba por la ventana, la llegada del suyo**.

Peregrino, si pasas por Osera, ven, pasa a su templo... ¡mírala!

Ella es la que escuchaba tu ¡¡¡Madre mía!!!

Luis de Osera

¿Una Reliquia del Apóstol Santiago en Inglaterra?

Dedicado a D. Eligio Rivas

Así, coa pregunta que encabeza esta colaboración, se titula o libro editado en 1938, en plena Guerra Civil, polo profesor de idioma inglés e escritor compostelán Román López y López. Este autor é o mesmo que publicou en 1911, en inglés, a guía turística da cidade de Santiago con máis reedicións, unhas dezaseis en castelán entre 1915 e os anos setenta. Pero, **a que reliquia dedica Román** López o **libro?** Se os restos de Santiago o Maior están en Santiago, como defende a tradición compostelá, por que o esforzo de dedicarlle un libro a unha case esquecida reliquia en Inglaterra? E se mo permiten, pode dar para un libro unha reliquia? De que reliquia se trata, xa que logo?

Desvelemos o segredo, que para algún lector non o será tanto. O libro **dedícase á coñecida como *man de Santiago***, que entre os séculos XII e XVI se expuxo na abadía inglesa de Reading, a uns 65 km ao oeste de Londres. A reliquia actuou como un revulsivo deste cenobio. Grazas a ela, Reading converteuse nun destacadísimo centro de peregrinación, mesmo para moitos peregrinos que antes de marchar a Galicia visitaban a abadía de camiño aos portos do sur de Inglaterra, onde embarcaban para navegar case sempre en dirección ao porto da Coruña e, desde el, a Santiago.

E por que dedicar eu esta colaboración a un tema como o das reliquias, que a priori pode interpretarse por moitos lectores como de relativo interese? Porque **a ansia medieval cristiá polas reliquias está, sen dúbida, no orixe da peregrinación a Santiago**, aínda considerando, como considero, que hoxe esta cuestión está amplamente superada pola forza intrínseca do fenómeno xacobeo. E, ademais, porque debía facelo. Explícome. Hai tempo, falando con don Elixio Rivas, ese gran sabio ourensán ao que Galicia e o Camiño Mozárabe galego tanto deben, da súa estancia de mozo no Reino Unido, saíu o tema da man de Reading.

Falamos dela e aí quedou o asunto, ata que recentemente don Elixio me entregou o libriño en cuestión, de sesenta páxinas. Agradecinllo, por suposto, e tras lelo, creo que tanto esta obra como a man de Reading merecen esta colaboración. Ademais, como se di, teño as fotos. Débolle esa sorte ao meu colega xornalista e amigo Cristóbal Ramírez, que aí atrás estivo en Marlow, a uns 20 km de Reading, onde se garda actualmente a reliquia, e logrou que lla mostrase o párroco do templo católico que agora a custodia.

Desvelo xa que Román López, motivado polo momento de exaltación nacionalista provocado pola guerra entrelazado coas últimas faíscas da disputa positivista do século XIX, advirte que **publica o libro para combater a autenticidade da reliquia que nos ocupa**. Defende o que di a tradición xacobea: que o corpo de Santiago enterrouse íntegro en Compostela no século I. Pero sorprende como o conta. Se obviamos a linguaxe retórica e exaltada do momento, o texto é unha pequena marabilla de investigación case policial, que avanza dato a dato.

Ruínas actuais da abadía de Reading



A man de Santiago, reproducida en 1938 na obra de Román López

A man de Santiago, conservada na igrexa de San Pedro de Marlow

Igrexa de San Pedro de Marlow

Unha aventura interminable

Malia poñer en cuestión a autenticidade da *man*, defendida polos ingleses, o autor coincide case ao cen por cen con eles no relato das múltiples e sorprendentes vicisitudes vividas pola reliquia. Resumiremos esas vicisitudes.

Fago antes unha advertencia. En 2011, escribindo sobre o Reading xacobeo en *El Correo Gallego* nunha colaboración quincenal que daquela eu realizaba para ese xornal, recordaba o seguinte: "Pero se o corpo de Santiago está en Compostela, por que hai unha reliquia súa en Reading? Estamos ante un dos grandes milagres galegos. Reliquias de Santiago o Maior -mesmo corpos enteiros- teñen afirmado posuílos templos de media Europa. Pero ningunha logrou impoñerse á compostelá. E caeron no esquecemento. Pero a de Reading sobreviviu e logrou gran sona". Por que?

A Igrexa compostelá só recoñece como propia do apóstolo Santiago a reliquia ósea conservada en Pistoia, Italia, que mesmo se utilizou a finais do século XIX para autenticar as redescubertas reliquias de aquel na catedral compostelá, tras darse por perdidas desde o século XVI. Coa de Reading nunca se actuou do mesmo xeito. Por medo ao éxito da peregrinación á abadía inglesa en detrimento de Compostela? Só podemos especular. O repaso, necesariamente moi resumido, das prometidas vicisitudes tal vez nos dea algunha pista.

Hai dúas versións sobre a chegada da reliquia a Reading. A máis coñecida é a que apunta que a recibiu en Santiago a emperatriz Matilde, dona do emperador alemán Henrique V, na súa peregrinación ao sepulcro apostólico contra o ano 1125. Tras volver a Alemaña, e xa viúva, Matilde dirixiuse a Inglaterra para reunirse co seu pai, o rei inglés Henrique I. Levaba con ela a reliquia, que entregou ao seu proxenitor. Entusiasmado co agasallo, Henrique I fundou a abadía da Reading e depositou nela a man, a estrela entre as moitas reliquias que fixo levar ao novo cenobio.

Unha segunda versión, semella que máis documentada, afirma que a reliquia permaneceu en Torcello, Venecia, cando menos desde o século VII, ata que no século XI o arcebispo alemán Adalberto de Hamburgo a adquiriu e levou ao seu país. **A man pasou pouco despois ao monarca xermano Henrique III**, quedando baixo a custodia da coroa alemá. Foi así como á morte do Henrique V, Matilde a levaría a Inglaterra, de onde era orixinaria, como agasallo para o seu pai, que a destinou a Reading, onde, ao morrer, o enterraron.

O éxito da reliquia foi tal, que mesmo foi roubada, se escribiu unha relación dos seus milagres e varios monarcas ingleses foron entregados devotos dela. Citamos só un: o mítico Ricardo I, Ricardo *Corazón de León*, que a levou con el a Terra Santa durante a Terceira Cruzada (1189-1192).

Mais todo se torceu cando tras o cisma da Igrexa inglesa da romana, contra 1535, o rei Henrique VIII, primeiro responsable da separación, ordena a disolución dos mosteiros do país. É así como a abadía de Reading resulta demolida en gran parte -hoxe sobreviven algúns muros- e a súas famosas reliquias presumiblemente destruídas e espalladas.

Xorden as dúbidas

Xa que logo, **que aconteceu coa suposta *man de Santiago* tras o desastre?** Pois é aquí onde Román López difire dos estudosos ingleses que no século XIX e primeiros do XX estudaron a man. E non cuestionaron a súa procedencia do corpo do apóstolo Santiago.

O experto británico Simon F. Barton, da Universidade de Exeter e recentemente elixido membro do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, confirma que a man se ocultou nos muros da abadía. Neles permaneceu ata que en 1786 apareceu de novo. Sucedeu durante os traballos de retirada dos vellos cascallos da abadía para levantar nos seus terreos o que sería o cárcere de Reading, cantado en 1897 con tanta dureza como beleza por Oscar Wilde, onde estivera preso.

Tempo despois, con varias peripecias polo medio, a man acabou na igrexa de Saint Peter de Marlow, onde se conserva nun relicario de cristal.

Discrepancias amigables

Tras varios estudos de expertos británicos, Román López, grazas ao seu dominio do inglés e os seus contactos en Inglaterra, coñece estas indagacións e contra 1930 realiza unha investigación propia da man. Deste labor parte o libro, unha resposta minuciosa aos sectores católicos ingleses que defendían a reliquia como propia de Santiago o Maior, ao tempo que evitaban a súa orixe compostelá.

Tras repasar e argumentar toda a tradición da Igrexa santiaguesa favorable á presenza da inicial totalidade do corpo do apóstolo en Compostela, **o autor combate, de xeito tan duro e decidido como amigable, os argumentos ingleses**.

Hoxe poden resultar un tanto trasnoitados -e innecesarios- os múltiples razoamentos do libro para demostrar que a man de Reading non é de Santiago. No seu momento, en plena reivindicación dun apóstolo Santiago autárquico e combativo, non era así.

López fai unha comparanza entre o estudo das fragmentarias e deterioradas reliquias de Santiago reencontradas na catedral compostelá en 1879, tras permanecer extraviadas desde 1589, cos realizados no Reino Unido á man que nos ocupa a finais do século XIX e primeiros do XX. E chega a admitir, como moito, que a citada man non sexa unha man enteira orixinal, senón formada con algún óso apostólico que a emperatriz Matilde levaría tras a súa suposta peregrinación.

Baséase en que **as investigacións británicas conclúen que a man en realidade non é tal en sentido estrito**, xa que lle faltan diversos ósos. É suficiente para que Román López deduza o apuntado.

Non nos imos estender. As especulacións e deducións do autor son tantas e tan diversas -asombra, xa o dixemos, a súa minuciosidade na procura e análise das fontes- que non caben no espazo dun artigo coma este.

Rematamos coas súas palabras no seu idioma orixinal en castelán: "Con todos los respetos debidos a los críticos ingleses –escribe- hemos de manifestar que en tanto que la Iglesia Católica no dé su fallo en otro sentido, nosotros permaneceremos fieles a nuestra multisecular tradición de que el Cuerpo del Apóstol fue transportado integramente a Compostela, y que la mano aludida, no es la mano izquierda del Beato Apóstol Santiago Zebedeo? /…/ ¿A quién, entonces, pudo haber pertenecido? La respuesta cae fuera de nuestro objeto".

Román López, convencido de deixar demostrado que **a man de Reading non é tal en sentido estrito, polo que nunca podería ser a propia dun Santiago cuxo corpo chegara íntegro a Galicia**, e que as dúbidas sobre a súa orixe remota resultan dignas de toda consideración partindo das fontes conservadas, dá por rematado o seu brillante -entendido no seu contexto temporal- traballo. Faino cunha exaltada apelación patriótica. Eu tamén remato, sen precisar, afortunadamente, exteriorizar ningún patriotismo.

Manuel F. Rodríguez



O moi xacobeo escudo da abadía de Reading

Portada do libro de Román López

O pórtico dos sons de Carboeiro (Silleda)

Introdución

Como obra arquitectónica do románico de transición a un gótico serodio, o Mosteiro de Carboeiro, situado á beira do río Deza, no Concello de Silleda, constitúe un dos monumentos **máis característicos da arte medieval galega**, influenciado polas manifestacións artísticas compostelás, en concreto polo estilo que o Mestre Mateo desenvolveu na catedral de Santiago e que se mostra na decoración da fachada principal co tema dos anciáns da Apocalipse.

Con algunha frecuencia, pola miña condición de silledense anfitrión, guía de amigos e descubridor en terra propia, véxome con devoción inusitada facer viaxes frecuentes ao cenobio benedictino, para, ou ben redescubrir os encantos da contorna ou para ofrecelos a quen nos agasalla cunha visita.

E sempre coa mesma frecuencia atopo xente ao redor do monumento admirando as pedras talladas, sen ver máis alá do que significa cada figura ou gravado que inxenuamente estas amosan. Nalgún caso incluso vinme metido en viravoltas literarias ao non saber responder o que algúns me preguntaban. De aí a **análise en detalle que investiguei con detemento** e agora traslado ao lector.



Perfecta distribución dos instrumentos musicais medievais: violas, salterio e redomas

Este é o caso pois da interpretación da portada románica da igrexa, con toda esa figuración de tallas humanas dispostas en arco, con obxectos nas mans que reproducen instrumentos de música. **Que instrumentos son? Quen os tocan?** Moitos faranse a mesma pregunta. Ninguén está obrigado a saber de arte nin de música, mais, tendo aí unha clase práctica, ben nos caerá algunha lección teórica para ir documentados na próxima vez que nos acerquemos a tan singular lugar, por outra banda camiño alternativo de peregrinos con destino a Santiago a traveso do Monteiro de San Salvador de Camanzo e da Ponte Ledesma.

Despois de pescudar nalgúns libros e de analizar con paciencia as distintas composicións que as pedras ilustran, fixen este pequeno traballo, sen outro ánimo que o de introducir ao lector no mundo dos sons das pedras de Carboeiro, facendo fincapé especialmente nos instrumentos de música. Quizais aquí estea o berce de tantos e tantos bos músicos do Concello de Silleda e comarca. Quizais esteamos en presenza da primeira banda sinfónica do Deza. Digo primeira. Ai, ese soño utópico....!

Os instrumentos da Idade Media

Nos seus comezos, a igrexa cristiá fixo propios algúns dos máis importantes conceptos que respecto ao culto estaban vixentes no xudaísmo do tempo de Cristo e dos Apóstolos. Entre eles, que a música relixiosa fora exclusivamente vogal. Desbotábase, por pouco seria, aquela feita con instrumentos e consecuentemente estes mesmos rexeitábanse como elementos acompañantes dos cantos e salmos relixiosos.

Ata os mesmos Santos Pais identificaban os instrumentos da época con usos pagáns.

O cambio de mentalidade prodúcese no século VIII cando o Beato de Liébana escribiu un comentario á Apocalipse que se fixo moi famoso, onde ve como **San Xoán describe a visión que tivo do ceo**, cando os catro Vivintes (Evanxelistas) e os vinte e catro Anciáns caeron diante do Año tendo cadanseu unha cítara e copas de ouro cheas de perfumo.

A partir deste momento pódese dicir que a iconografía instrumental cambia de dirección comezando a reproducirse, primeiro nas miniaturas dos libros e máis para diante nos

traballos de pedra, téndose documentado no século XII como a época da aparición dos primeiros instrumentos na igrexas cristiáns.

A tradición dos tímpanos cos 24 Anciáns da Apocalipse, parece ser iniciada en Francia tamén neste mesmo século XII, con representación dos instrumentos existentes na Idade Media e que para o que nos interesa redúcense a tres: **Fídulas ou Violas, Salterios e Organistrum.**

Os instrumentos de Carboeiro

Os vinte e tres mestres anciáns?

Seguindo coa tradición artística do modelo santiagués, Carboeiro ofrécenos unha reprodución exacta da iconografía do Pórtico da Gloria aínda que marcando evidentes e lóxicas distancias en moitos aspectos, como a calidade dos traballos, tamaño e sobre todo a riqueza crematística e de detalle. Case diría que a representación de Trasdeza semella a dun autor inxenuo, sen oficio, ou de oficio aprendiz pero cunha sensibilidade e un tacto certamente exquisitos. Que fermosos son!

Para unha mellor comprensión, seguindo as metodoloxías habituais, partindo dende a esquerda, os anciáns dividireinos en Bloques, tal e como os traballou o canteiro, designándoos coa letra B para mencionalos por grupos, e coa letra A seguido dun número para identificalos de maneira individualizada.

En canto aos anciáns, por certo **con coroa e pelo longo pero sen barba**, detalle que os distingue das demais portadas, aparecen esculpidos en grupos de dous, como se entre eles existise unha animada conversa e en disposición de afina-los seus instrumentos a xulgar pola posición dos dedos e a colocación das mans. Tamén me atrevo a afirmar que **foron dous, polo menos, os escultores** que labraron as figuras, segundo se desprende da forma de sentarse, de colocar os instrumentos e de facer os plegues das vestimentas. Incluso pola calidade e composición da pedra, non cabe dúbida que os Bloques 7-9 e 10 son menos precisos e moito máis desgastados que os demais, de maior calidade e acabado.

Están situados na terceira arquivolta, ordenados en parellas, en doce bloques de pedra, se ben non sempre é así pois o B-4 ten tres tallas e os B-6 e B-8 tan só unha. Como **curiosidade singular e única, con respecto ás outras portadas** con representación da Apocalipse só Carboeiro pode contar cun **número de vinte e tres,** detalle curioso e anecdótico pois **falta un,** quizais como resalta López-Calo por un despiste do artista, ao que non lle saíron as medidas.

Nesta representación algunhas tallas e instrumentos están bastante ben conservados, caso dos números A-3, A-5, A-6, A-7, A-10, A-20 e A-21 vistos de fronte e comezando pola esquerda. As demais, nunha gran parte están moi desgastadas, ou irrecoñecibles, como é o caso do A-9, A-11 e A-23, (decapitados) ou os A-13 e A 14, que se supón pola tipoloxía dos demais templos románicos existentes correspóndense coa parella que tocaría o organistrum.



Imaxe recente da portada da fachada principal, onde se observa o estado desigual de conservación dos anciáns, algúns mutilados ou decapitados e outros irrecoñecibles. Como anécdota curiosa subliñar que falta unha figura, das vinte e catro que tería que haber, segundo rezan as escrituras.

Fídulas ou violas

Este era o principal instrumento de arco da época medieval. Tiña moitos nomes diferentes e unha gran variedade de formas e tamaños, sendo o **prototipo e antecesor do que hoxe sería o violín**. No século XII tiña cinco cordas e ven sendo o instrumento co que aparecen pintados normalmente os xograres cando cantaban os seus cantos e recitados. Outro tipo de viola, a castelá "vihuela" de man, foi o antecedente indiscutible da guitarra española, que tería a súa máxima evolución ata o século XVI no que xa se convertiu no xenuíno instrumento.

Esta ilustración aumentada e con filtro, amosou infinidade de detalles pouco doados de apreciar a simple vista. Vese por exemplo na figura A-10 (esquerda) o arco, co cordal da viola, dúas caravillas de afinación e dúas cordas

En Carboeiro e na portada aparecen tocando, afinando ou portando este instrumento **11 anciáns**. Os sinalados cos números A 1-3-6-10-11-12-15-17-18-20 E 22. **Dúas violas, a diferenza co Pórtico da Gloria,** son tocadas **con arco** (A-3 e A-10) e as demais **por punteo cos dedos** ou con **"plectro"** especie de púa, como se aprecia na figura A-11. Apuntar outra curiosidade. Igual que ocorre na vida, case todos tocan coa man dereita, agás dous, **A-6 e A-22 que son zurdos**. Dentro da tosquedade o autor quixo ofrecernos algúns apuntes de detalle, cicelando as caixas de diferentes formas, xa de pera, xa en 8, ou afinando máis, e nunca tan ben dito, marcando os **arcos** (A-3 e A-10) as cordas, cordais e os buratos sonoros (A-11, A-12 e A-17). Tamén as **caravillas** de afinación aparecen nalgúns instrumentos, que se aprecie, aínda conservados. Así as dos que tocan as figuras A-10 e A-20. Toda unha sutileza.

Na figura A-11 (lamentablemente decapitada) destacan os tres buratos sonoros e dúas cordas. Aparentemente parece reproducir seis dedos, cando a realidade é de tratarse do "plectro", equivalente a actual púa. Toda unha sutileza destes mestres canteiros

Salterios

Instrumento que aparece con frecuencia na Idade Media, consiste nun tipo de cítara que se toca por punteo, ou máis frecuentemente golpeando as cordas, sendo un antepasado remoto do clavicordio e un irmán de corda da arpa.

Nesta portada, pola forma de caixa e a maneira de agarralos, non se desprende a existencia de arpas, de aí que presumiblemente cabe asegurar que **son cinco salterios** que aparecen nas figuras, A-2, A-4, A-16, A-19 e A 23. A colocación dos mesmos tamén parece responder a un capricho, gardando unha simetría con respecto a un eixe central, pero evitando, iso si, a colocación de dous salterios xuntos.

Ilustración comparativa coa foto anterior, de dous anciáns do Pórtico da Gloria. Tanto a disposición dos instrumentos como a actitude de diálogo non deixa lugar a dúbidas da influencia da escola compostelá na Portada de Carboeiro.

Organistrum

